

VII CTO. DE ESPAÑA LARGA DISTANCIA PISCINA (FASE TERRITORIAL)

V CTO. GALEGO LONGA DISTANCIA PISCINA

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-13

1.- Organización, data e sede

1.1.- A Fase Territorial do VII Campionato de España de Larga Distancia -Piscina- . V Campionato Galego de Longa Distancia - Piscina - celebrárase no día 25 de outubro en A Coruña na piscina de INEF.

1.2.- As probas celebráranse nunha soa sesión que dará comezo ás 17.30 horas.

1.3.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio da sesión. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas

1.- 3.000 m. libres masculino

2.- 3.000 m. libres feminino

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías:

Masculina: absoluta

Feminina: absoluta

3.2.- Poderán participar os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas a cada unha das categorías coa limitación indicada no punto 3.3.

3.3.- Limitase a participación a dúas series (12/16 nadadores) por categoría.

4.- Inscripcións

4.1.- Remítanse por correo electrónico á Federación (inscripciones@fegan.org), indicando nome e apelidos dos nadadores, ano de nacemento, número de licenza e marca acreditada, así como nome e código do club.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do día 14 de outubro (martes), sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

4.3.- A FEGAN estará en disposición de dar a coñecer aos clubs, a través da súa páxina web, as relacións de inscricións 24 horas despois de que remate o prazo.

4.4.- A partir da publicación das relacións de inscrición, os clubs deberán informar das baixas á FEGAN, co obxecto de cubrilas e proceder á correcta elaboración das series. Os prazos indicaranse oportunamente.

4.5.- Unha vez confeccionadas as series, os nadadores preinscritos que non entrasen nelas, se os houbera, adquirirán a condición de reservas e poderán cubrir as posibles baixas en piscina mantendo a orde da preinscrición.

4.6.- O reparto de gastos entre os clubs participantes (circular 08-01) farase en función dos nadadores inscritos e reservas que cheguen a participar.

5.- Fórmula de competición

5.2.- Para os efectos de puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por club en cada proba individual, con independencia dos que participasen.

5.1.- As probas disputaranse polo sistema contra o reloxo independentemente das categorías.

5.3.- A puntuación será 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1. No suposto do club que teña clasificados máis de dous nadadores na mesma proba só puntuarán os dous primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

6.- Clasificacións e resultados

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina

b) Total feminina

c) Total conxunta. Será preciso ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuado nunha delas. O club que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego.

7.- Títulos e premios

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados en cada unha das dúas categorías.

7.2.- Trofeo ao club clasificado en primeiro lugar na categoría conxunta como Campión Galego do Campionato de Longa Distancia.

8.- Marcas mínimas

8.1.- Establécense as seguintes marcas mínimas de participación:

Categoría masculina 18:30.00 (1500 libres)

Categoría feminina 10:25.00 (800 libres)

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de xaneiro de 2008.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN